



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución conxunta do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 08/10), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E PAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1.- De acordo co disposto nos artigos 38 e 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **UN pai/nai ou representantes legais**, que debe ter o Consello Escolar, proposto pola asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, máis representativa

2.- A xunta electoral solicitaralle, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados a proposta dun representante para o Consello Escolar, dando un prazo de **10 días** para o efecto.

3.- Son elegibles todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o **28 de outubro ás 9:00 ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.

4.- De non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cós outros representantes dos pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

5.- Recibida a proposta do representante, a Xunta Electoral do Centro fará a súa proclamación como membro do Consello Escolar de acordo ao calendario establecido.

6.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Betanzos a 23 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Carolina Fuentes Prado